



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 15 DE XULLO DE 2011.-

<u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <u>Sres. Concelleiros:</u> Dª MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO Dª OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. Dª MARIA MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e cinco minutos do día quince de xullo de dous mil once, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
---	--

PUNTO 1º.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 11-06-2011.

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación a acta da sesión Constitutiva da Corporación celebrada o día 11 de xuño de 2011.

PUNTO 2º.- DAR CONTA CONSTITUCIÓN GRUPOS POLÍTICOS.

Polo Sr. Secretario dase conta de que se presentan os escritos de Constitución, por Orde de Entrada:

-Nova Alianza que constitúe en Grupo Municipal Mixto, Portavoz D. Luis Cendán Fernández. –

- Bloque Nacionalista Galego, que constitue en Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Portavoz D. Emilio Mesías Farias e como Suplente a D. Angel Miguel Fernández Permuy.

- Partido Popular que constitue o Grupo Municipal Popular (PP). Portavoz D. José Manuel Cendán Fernández e suplente D. Juan Sixto Galiano.

- P.S.G- PSOE que constitue o Grupo Municipal Socialista. Portavoz D. José Eugenio Fernández Lago e como suplente Dª Olimpia Marcos García.



O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 3º.- DAR CONTA DESIGNACIÓNS XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Polo Sr. Secretario dase conta que da Resolución da Alcaldía de 16 de xuño de 2011, do seguinte teor literal:

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente, deste Concello de Conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 43 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobouse o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 17 e 19 do Regulamento Orgánico.

Resolvo:

Primeiro.- Designar membros da Xunta de Goberno Local ós señores:

D. José Eugenio Fernández Lago.

D. José Juan Vilar Rico.

Dª María Victoria Montenegro Paz.

Dona Olimpia Marcos García.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- A) A asistencia permanente ó alcalde no exercicio das súas atribucións.
- B) As atribucións, que está Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:
 - 1) Disposición e Ordenación de gastos e a aprobación das facturas que corresponden ó desenvolvemento normal do presuposto, cando a súa contía exceda de 21240,00 euros e os expresamente previstos nas bases de execución do presuposto, asemade como as certificacións de obras cando a súa contía exceda de 21240,00 euros.
 - 2) Concesión de licencias urbanísticas.
 - 3) Concesión de licencias das actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental nos termos do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, reservándose a



Alcaldía a concesión das licencias de actividades non sometidas a dita avaliación ambiental.

- 4) Aprobación de padróns fiscais.
- 5) Aprobación de acometidas de auga e rede de sumidoiros.
- 6) As contratacións respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o seu importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- 7) A aprobación dos proxectos de obras e servizos da súa competencia para a contratación ou concesión destes e estean previstos no presuposto.
- 8) Reclamacións de responsabilidade patrimonial.
- 9) A adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e celebrará sesión ordinaria coa seguinte periodicidade: semanal o xoves.

Cuarto.- Aos efectos de cumprir o prazo de dez días previsto no R.D. 2568/1986, procederase á sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local o vindeiro venres, día 17 de xuño de 2011.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais ós designados, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 52.4 do Real Decreto



2568/1986, de 28 de novembro, polo cal aprobouse o Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mandao e asina o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a 16 de xuño de 2011, do que eu secretario, dou fe.”

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 4º.- DAR CONTA NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE.

Polo Sr. Secretario dase conta da Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, do seguinte teor literal:

Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO, ALCALDE-PRESIDENTE, deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 21.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobouse o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde ós concelleiros seguintes:

1º. Tenente de Alcalde: DN. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

2º. Tenente de Alcalde: Dna. MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ.

3º Tenente de Alcalde: DNA. OLIMPIA MARCOS GARCÍA.

4º.- Tenente de Alcalde: DN. JOSE JUAN VILAR RICO.

Os Tenentes de Alcalde, en cando tales, corresponderálles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas función e polo orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, asemade como desempeña-las función de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Quedan facultados por Delegación desta Alcaldía para asinar certificados de todo tipo (empadronamento, acordos xunta Goberno Local, Pleno etc.) en ausencia desta



Alcaldía coa finalidade de axilizar as peticións a instancia de parte ou de oficio, e actos de trámite tanto a instancia de parte como de oficio perante particulares ou Administracións públicas, Organismos ou Entes dependentes deles.

Segundo.- Da presente Resolución daráse conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademáis persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación.

O manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a 16 de xuño de 2011, do que Secretario dou fe”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 5º.- DAR CONTA DESIGNACIÓN CONCELEIROS DELEGADOS.

Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2011, do seguinte teor literal.

Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO ALCALDE-PRESIDENTE deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,

RESOLVO

Primeiro.- Designar a Dn^a. **MARÍA VICTORIA MONTENEGRO PAZ**, Concelleira-Delegada de **MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS**,

abranguendo a facultade de dirixi-los servizos de muller, infancia, xuventude, sanidade e servizos sociais asemade como de xestionarlos en xeral.

Segundo.- Designar a Dn. **JOSÉ EUGENIO FERNÁNDEZ LAGO**, Concelleiro-Delegado de **CULTURA, PERSOAL, POLICÍA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRÁFICO**, abranguendo a facultade de dirixi-los servizos de cultura, persoal, policía local, protección civil, seguridade e tráfico, coa facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros referidos á concesión de permisos, licenzas e vacacións do persoal do Concello.

Tereiro.- Designar a Dn. **JOSÉ SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO**

Concelleiro-Delegado de **EDUCACIÓN, EMPREGO E OBRAS**, coa facultade de dirixi-los servizos de educación, emprego e obras.



Cuarto.- Designar a Dña **OLIMPIA MARCOS GARCÍA**, Concelleira-Delegada de **URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE**,

abrangendo a facultade de dirixi-los servizos de urbanismo, equipamentos, infraestruturas e medio ambiente.

Quinto.- Designar a Dn. **JOSÉ JUAN VILAR RICO**, Concelleiro-Delegado de **DEPORTES E SERVIZOS MUNICIPAIS**, abranguendo a facultade de dirixi-los servizos de deportes e servizos.

Quinto.- Esta Alcaldía reservase para a súa xestión pola mesma os servizos de **FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA**.

Sexto.- Da presente Resolución daráse coñecemento ó Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, notificándose ademais persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales.

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde-Presidente, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a 27 de xuño de 2011, do que eu Secretario dou fe.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 6º.- PROPOSTA PERIODICIDADE SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

MOCION DA ALCALDÍA.

Ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 38.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e do artigo 20 do Regulamento Orgánico da Corporación, esta Alcaldía presente a seguinte proposta:

Primeiro.- Que o Concello Pleno celebre as sesións ordinarias de conformidade co disposto no artigo 36.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e do artigo 20 do Regulamento Orgánico con carácter mensual, os últimos xoves de mes as 10,00 horas do medio día. En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, celebrarase o seguinte día hábil. Caso de ser igualmente inhábil celebrarase o seguinte xoves.



Segundo.- Sinalar como data para a primeira sesión ordinaria o xoves día 28 de xullo, celebrándose a continuación o último xoves de cada mes.

Terceiro.- No mes de agosto, en función dos asuntos a tratar, a Alcaldía poderá prescindir da convocatoria do pleno ordinario.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán, manifestando que hai unha proposta da Xunta de Voceiros, na que se decidiu por unanimidade casi prácticamente, en designar os últimos xoves de cada mes, e a hora as 10,00 da mañá, e simplemente dicir que estou de acordó e que o meu voto vai a ser favorable.

Sometida a votación a proposta o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 7º.- PROPOSTA DE CRACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

—
Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DE CONTAS.

Esta Alcaldía en uso das facultades previstas no artigo 20.1 letra c) da Lei 7/1985, de 2 de abril na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a fin de dar cumprimento ó disposto nos artigos 38 e 123 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e artigo 18 do Regulamento Orgánico, propon ao Pleno da Corporación oída a Xunta de Portavoces a adopción do seguinte acordo :

Crear con carácter permanente as seguintes Comisións Informativas que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, asemade como o seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostentes delegacións :



1.- COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA.

A) Atribucións ou materias

Facenda, tributos, orzamento, operacións de préstamos, contribucións especiais, patrimonio : inventario, calificacións-desafectacións, inventario, adquisición-enaxenación, disfrute e aproveitamento de bens municipais, turismo, praias, promoción turística, económica e industrial do Concello, venda ambulante e sedentaria, mercadillos, mercado municipal.

Número de membros : 7 (P.SdeG-P.S.O.E.: 3) (P.P.: 2) (B.N.G.: 1) (NAL.: 1).

B) Periodicidade: Mensual.

2.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.

A) Atribucións ou materias Seguimento-adaptación Plan Xeral de Ordenación Municipal, Instrumentos de desenrolo (Planeamento de desenrolo), Xestión urbanística (instrumentos de equidistribución, polígonos en solo urbán, etc), disciplina urbanística, ordes de execución, expedientes contradictorios de ruína, licenza urbanísticas, licencias de 1ª ocupación, autorizacións de ocupación dominio público, plans-programas de inversión locais e obras municipais, expropiacións, recollida e eliminación de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, rede de sumidoiros e augas residuais, limpeza, coidado e mantemento de zonas verdes, xardíns, etc.

B) Número de membros : 7 (P.S.dG-P.S.O.E.: 3) (P.P. : 2) (B.N.G.: 1) (NAL.:1).

C) Periodicidade: Mensual.

3.- COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS.

A) Atribucións ou materias

Servizos de Saúde-Sanidade pública, protección-atención de menores, servizos sociais, muller, asistencia-protección á muller, C.I.M., ludoteca, parques infantís, terceira idade, dependencia, axudas de emerxencia, actividades-coloquios-charlas-simposiums dirixidas á infancia, xuventude e terceira idade.

B) Número de membros : 7 (P.SdeG-P.S.O.E.: 3) (P.P.: 2) (B.N.G.: 1) (NAL.:1)

C) Periodicidade: Mensual.



4.- COMISIÓN DE CULTURA, PERSOAL, POLICÍA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRÁFICO.

A) Atribucións ou materias

Festexos, organización de actividades culturais, colaboración con entidades culturais, exposicións, axencia de lectura, información xuvenil, ensino, inserción laboral, políticas de formación-perfeccionamento do Persoal, plantillas orgánicas, cadros de postos de traballo, clasificacións, retribucións, nomeamentos, permisos, licenzas, vacacións, protección civil, políticas de prevención de riscos laborais, policía local : cadro de traballo, permisos, licencias e vacacións, ordenación do tráfico, seguridade e sinalización viaria.

Número de membros : 6 (P.SdeG-P.S.O.E.: 3) (P.P.: 2) (B.N.G.: 1)

B) Periodicidade: Mensual.

5.- COMISIÓN DE DEPORTES E SERVIZOS MUNICIPAIS.

A) Atribucións ou materias

Organización, promoción e divulgación de actividades deportivas, colaboración con entidades deportivas, alumeado público, abastecemento de auga, adquisición e mantemento de maquinaria, planificación e programación das brigadas de servizos.

B) Número de membros : 6 (P.SdeG-P.S.O.E. : 3) (P.P.: 2) (B.N.G.: 1)

C) Periodicidade: Mensual.

6.- COMISIÓN DE EDUCACIÓN, EMPREGO E OBRAS.

A) Atribucións ou materias Educación, organización, promoción e divulgación de políticas de educación, colaboración co C.E.I.P. Conde de Fenosa e Rede Infantil "Galiña Azul", actividades escolares, orientación laboral e programas de emprego, programas de inserción laboral, desenvolvemento local e orientación laboral, obras ordinarias, repetitivas e de escasa entidade, mantemento de instalacións municipais.

B) Número de membros : 6 (P.SdeG-P.S.O.E : 3) (P.P. : 2) (B.N.G. : 1)
Periodicidade : Mensual

7.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.



Para dar cumprimento ó disposto no artigo 127 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 66 e 67 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e dada a existencia preceptiva de dita Comisión coas funcións previstas no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, crease a Comisión Especial de Contas á cal corresponderá o exame, o estudio e informe de tódalas contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aproba-lo Pleno da Corporación, de acordó co Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aprobase o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.

A) Atribucións ou materias

Exame, estudio e informe de tódalas contas, presupostarias e extrapresupostarias, especialmente a Información da Conta Xeral.

B) Número de membros : 7 (P.SdeG-P.S.O.E. : 3) (P.P. : 2) (B.N.G. : 1) (NAL. : 1)
Periodicidade : Anual e cando o demanden as circunstancias”

O Sr. Alcalde di que neste punto ven a proposta de designación de Comisións Informativas que serían as seguintes:

- Comisión de Facenda, Patrimonio, Comercio Turismo e Industria: número de membros 7 (3 do PSdeG-PSOE) 2 do P.P., 1 do BNG e 1 NAL.
- Comisión de Urbanismo, Plans, Equipamentos Infraestructuras e Medio Ambiente.
Número de membros 7, 3 do PSOE, 2 do PP, 1 BNG e 1 NAL, periodicidad mensual.
- Comisión de Muller, Infancia, Xuventude, Sanidade e Servicios Sociais, número de membros 7, (3 PSOE, 2 PP, 1 BNG 1 NAL), periodicidade mensual.
- Comisión de Cultura, Persoal, Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico, número de membros 6 (3 PSOE, 2 PP, 1 BNG), periodicidade mensual.
- Comisión de Deportes e Servicios Municipais, número de membros 6 (3 PSOE, 2 P.P. 1 BNG), periodicidade mensual.
- Comisión de Educación, Emprego e Obras, número de membros 6 (3 PSOE, 2 PP 1 BNG), periodicidade mensual.
- Comisión Especial de Contas, número de membros 7 (3 PSOE, 2 PP, 1 BNG 1 NAL), periodicidade anual e cando o demanden as circunstancias.

O número legal de Concelleiros da Corporación son 13, por grupos os porcentaxes son



PSOE: 46,15%.

PP: 30,76%

BNG: 15,38%.

NAL : 7,69%.

En consecuencia as contías correspondentes, en canto membros dos grupos nas Comisións son PSOE 21, PP 14, BNG 7, E NAL 4, e os porcentaxes son 21,22%, 14,14%, 7,07% e 3,53%, se fixo o que xa se fixera nas pasadas Corporacións, os decimais superiores a 50 dan lugar a un membro máis, e en consecuencia o coeficiente de NAL e 53 polo que se lle asigna un cuarto membro, os que non chegan a cincuenta loxicamente rechazanese eses decimais.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL, quen manifesta que en principio a única variación con respecto á lexislatura pasada é que se crea unha nova Comisión, nesta lexislatura van a ser sete e na pasada eran seis. En canto a composición e o reparto eu estou de acordo porque xa estiven de acordo pero deixar fincapé que como xa dixo o Alcalde que respetando os decimais superiores o 50 me corresponde unha Comisión máis, pero aínda que por lei me corresponde estar representado en todas as Comisións Informativas, e polo que respecta na reestruturación das Comisións a mín pouco me afectaría, eu en principio estou de acordo, non sei se os grupos están de acordo coa reestruturación da Comisión Informativa, en principio o meu voto vai a ser favorable pero con esa matización que digo.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farías, quen manifesta que o seu grupo vai a presentar a seguinte emenda:

Número de Comisións 6:

1- Comisión de Urbanismo, Facenda, Patrimonio e Medio Ambiente, número de membros 7 (3 PSOE, 2 PP, 1 BNG 1 NAL).

2- Comisión de Muller, Infancia, Sanidade e Servizos Sociais, número de membros 7 (3 PSOE, 2PP, 1 BNG, 1 NAL).

3.- Comisión de Comercio de Industria, Servizos Municipais, Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico. Número de membros 6 (3 PSOE, 2 PP, 1 BNG).



4.- Comisión de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude e Turismo, número de membros 6 (3 PSOE, 2 PP, 1 BNG)

5.- Comisión de Obras e Servizos, Emprego e Persoal. Número de membros 6 (3 PSOE, 2 PP, 1 BNG, 1 NAL).

6.- Comisión Especial de Contas, número de membros 7 (3PSOE, 2 PP, 1 BNG e 1 NAL).

NAL o número de membro total son 3 (2+1 na Comisión Especial de Contas). Deberá escoller en cales quere participar.”

Temos que dicir que a proposta que ven hoxe da Alcaldía non é a que se entendeu o outro día na Xunta de Voceiros, na que nos preguntábase se este reparto tiña que ver co anterior reparto da anterior lexislatura ou se se tomaba aquel reparto que se fixo cando o caso do Sr. Echevarría que se reestructurou a presenza dos grupos, daquela e na Xunta de Voceiros, nos dixemos que creíamos que o BNG tiña dous membros nunha Comisión, había dúbidas e o final resulta que era así e o BNG tiña dúas e entón alí se me dixo que non había problema en poñerme nunha Comisión ó BNG a dous membros, e tanto e así que se me preguntou que en que Comisión queríamos os dous membros, entón eu deixei para máis tarde a decisión esa porque tiña que consultala co meu compañeiro de grupo, logo o Sr. Secretario os tres días máis ou menos chamoume para ver si tiñamos decidido xa en que Comisión íamos a ir os dous membros, eu dixenlle que na Comisión de Urbanismo, e entón a nosa sorpresa e que non figura ese acordo o que se chegou na Xunta de Voceiros, pero bueno ó cabo nos o que vamos a facer é unha emenda a este reparto e o xustificamos porque entendemos que o reparto na planificación de Comisións debe de estar a idea que se ten de cómo organizar o traballo municipal no día a día, entón estas Comisións son informativas, e polo tanto tamén debe de primar certa coherencia nas mesmas ou sexa que na reunión da Comisión Informativa vanse tratar uns temas que deben de ser coherentes, entón queremos deixar clara tamén a nosa postura a respecto da explicación que deu o SR. Alcalde na Xunta de Voceiros, cando dixo que antes había 5 Comisión porque había 5 Concelleiros do grupo de Goberno, e agora pasamos a seis porque hai 6 Concelleiros e entón tocan seis áreas, certamente este tema non tería porque ser así, porque hai que diferenciar entre a Delegación que fai o Alcalde que é quen ten a potestade das distintas atribucións ou materias e nos distintos Concelleiros e grupos de Goberno, e as áreas da Comisión Informativa que non é o resultado destas delegacións, de feito na lexislatura pasada, creo recordar que as Comisións eran presididas todas polo Sr. Alcalde se non me equivoco. Entón se o



grupo de goberno tivera oito representantes, habería oito comisións informativas, nos creemos que non, verdade, polo tanto nos creemos que son necesarias 5 comisións máis a de contas, e porque decimos isto, porque á vista da proposta que se nos presenta vemos incoherencia e falla de nexo de unión informativa nalgúns das Comisións, e creemos que con 5 Comisións estaría moito millor, por exemplo a Comisión número 6 de Educación, Emprego e Obras, ó noso parecer as atribucións que se lle poñen a esta Comisión, Educación, Organización, promoción e divulgación de políticas de educación, colaboración co C.E.I.P Conde de Fenosa, nos pensamos que esta Comisión estaría moito millor na Comisión de Educación, porque pois porque da Comisión de Educación vai depender a Biblioteca, Casa da Xuventude, as actividades que afectan a casi a totalidade dos alumnos de primaria e secundaria do noso Concello, polo tanto tampouco creemos moi coherente que Ensino este na de Cultura e Educación este noutra, cando as atribucións que se poñen en educación teñen que ver co ensino, tampouco pola mesma razón non casa moi ben que Deportes este con Servizos Municipais, xa que como ben esta especificado nas atribucións ou materias da Comisión 5, e a colaboración e divulgación con entidades deportivas, tradicionalmente estas foron dirixidas, foron da man das Culturais, e tamen a divulgación e promoción de actividades deportivas porque certamente hai un nexo de unión bastante importante entre as Entidades Culturais de as Entidades Deportivas, por eso propoñemos por unha banda a Comisión de Cultura, Deportes, Educación, Xuventude e Turismo, e por outra Obras e Servizos, Emprego e Persoal. É lóxico e coherente baixo o noso punto de vista tamén, que a Comisión que trate de informar sobre as obras e servizos, o poida facer tamén sobre emprego e persoal, porque moitas veces a planificación organizativa das obras, vai a estar condicionada unha a outra, quero dicir que dependendo do persoal que tiñamos, tamén se vai a organizar as obras, que temos que facer é a inversa. En canto ó resto a Comisión dúas que presenta a Alcaldía, Urbanismo, Plans, Equipamentos, Infraestruturas e Medio Ambiente, levaría tamén Facenda e Patrimonio, Turismo iría na de Cultura e Comercio e Industria na de Servizos Municipais Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico. Outro punto que se ten en conta á hora de elaborar estas Comisións é a representación, según a nosa emenda teríamos exactamente con esta proposta a mesma proporción nas Comisións que no Pleno, quero recordar que según a nosa proposta o PSOE tería 18 Concelleiros que suporía 46,15%, o PP 12 Concelleiros o 30,77%, o BNG 6 que sería o 15,38%, e NAL 3 que suporía o 7,69%, exactamente a mesma porcentaxe que temos dos Concelleiros cada grupo sobre o total da Corporación, isto suporía perder un número de Concelleiros tamén proporcional tamen á representación de cada grupo, e unha cousa tamén importante que nos tivemos en conta que isto levaría consigo un aforro de



máis de 400 euros mensuais ó pasar de 47 Concelleiros que era a proposta que se nos presentou na Xunta de Voceiros, a 39 en todas as Comisións, o que ó ano vai a sumar unha cantidade de 5000 euros, e en catro anos na lexislatura son 20.000 euros, motivo ademáis que nos leva a defender aínda máis esta proposta, xa que non debemos de pasar por alto a grave situación económica do noso Concello e temos que aproveitar tamén para diminuír o gasto alí onde se poida, e esta é unha oportunidade inmillorable para facelo. Polo tanto resumindo tres puntos son os que nos plantexamos para pensar nesta emenda: coherencia e loxica nas atribucións e materias das distintas Comisións Informativas; reparto xusto no número de representantes en cada Comisión de cada grupo, aforro no resultado económico da nosa proposta, neste tempos onde este tema é moi importante, esta é a emenda que nos traemos aquí, e que tamén se pode falar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: Evidentemente a organización e a coherencia que quere poñer cada un loxicamente na súa proposta, a proposta é loxicamente do grupo de Goberno e perfectamente coherente, é unha proposta que ademáis ben testada por catro anos de traballo, e por catro anos de traballo que deron froitos moi positivos, e que loxicamente logo foron refrendados nunhas eleccións cunha subida moi importante de votos, e en consecuencia tampouco se pode descoñecer unha maneira de traballar que foi aprobada pola maioría da cidadanía. A proposta do grupo de Goberno fala dunha Comisión de Facenda, Patrimonio Turismo Comercio e Industria porque efectivamente están moi trincadas estas materias en Patrimonio loxicamente poñemos en valor todo aquilo do que sen dúbida algunha presumimos, e un atractivo máis para atraer ó visitante polo que esta vinculado ó Turismo e por suposto que ven aquí reclama servizos de terceiros non só do Municipio e en consecuencia do Comercio e da Industria, máis coherencia que nesta Comisión non pode haber. Na segunda Comisión: Urbanismo, Plans, Equipamentos Infraestruturas e Medio Ambiente, efectivamente quen non quera ver a armonía, loxicamente é porque non quere. No Plan de Urbanismo se diseña estratexicamente o futuro dun pobo, ese plan de urbanismo é fundamental que prevea equipamentos para o desenvolvemento e crecemento do mesmo, equipamentos de terreos para novas infraestruturas esas infraestruturas sen dúbida algunha teñen que ser situadas nun sitio, e é o Planeamento o que califica os usos do Solo e esta claro que o Medio Ambiente vertebra o Urbanismo de arriba a abaixo, e en consecuencia de maneira importantísima. A terceira Comisión esta claro que descansa sobre a prestación de Servizos Sociais: Muller, Infancia, Xuventude, Sanidade e Servizos Sociais, maior coherencia efectivamente tampouco se pode predicar. Na Comisión cuarta que é,



Cultura, Persoal, Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico, ven tamén acreditada porque o Concelleiro de Cultura non pode facer absolutamente nada sen a presenza da Policía, e sen presenza de Protección Civil, calquer actividade do Concello de Ares ten que vir acompañada de dispositivos especiais de seguridade e tráfico, ten que vir acompañada de presenza Policial para organizar a entrada de vehículos e o aparcamento, calquer actividade desta natureza con participación de xente ten que ter a presenza de protección civil e está claro que non podemos manter unha infraestrutura onde para organizar unha sardiñada necesitamos tres Concelleiros sentados para coordinar os servizos, pois non, o Concelleiro de Cultura chama a policía, chama a Protección Civil e organiza o dispositivo, todas as saídas da Policía e todas as saídas de Protección Civil, en máis dun 90% das situacións son debidas a actividades da Concellería de Cultura, e en consecuencia é a maneira de armonizar e de traballar, e por suposto leva sen dúbida algunha a Comisión de Educación Emprego e Obras que é a sexta, leva os servizos fundamentais que demandan os Centro Educativos, Educación non é Educación, é que cando vamos ó Consello Escolar, nos din que hai persianas rotas, que hai timbre rotos, que hai arquetas rotas, e Educación vai vinculado a obras, porque é o único que efectivamente se demanda neses Consellos, xa que a Educación é competencia da Comunidade Autonoma, eu non poño Mestres, nin fago os Plans de Estudio, pero si amaño as persianas, as portas rotas etc., e cada vez que se vai á Galiña Azul e o Colexio ó único que piden son sen dubida algúnha amañar cousas que están rotas ou que funcionan deficientemente, por eso xa mandamos ó Concelleiro de Obras, porque mandar o Concelleiro de Educación a que veña co número de persianas que hai que amañar, efectivamente logo temos os dous Concelleiros sentándose para armonizar efectivamente esa situación. E a Comisión de Deportes e Servizos Municipais que efectivamente leva as actividades en colaboración tanto as propias como con Entidades e logo servizos como Alumado Público, abastecemento de auga, adquisición e mantemento de maquinaria, planificación e programación de brigadas de servizos, e pola sencilla razón de que efectivamente moitisimas das Actividades Deportivas esixen loxicamente infraestructuras, se fai hai en Picas o Fútbol Sa, pois hai que poñer alumado pois falamos con Bajama, sempre se busca a armonización, de que un Concelleiro toque as teclas que efectivamente necesita, porque si logo para facer algo de Cultura ten que chamar ó de Policía Local ou Protección Civil para facer algo de Deportes ten que sentarse logo co de Obras, para facer algo de Educación logo ten que baixar este para decirlle ó de obras o número de persianas que hai que amañar; esta todo testado he pensado por unha experiencia que ven de catro anos e que efectivamente determina unha maneira de traballar, a cada sitio mandamos o que ten a plena capacidade e a plena disposición para decidir por el



solo o que lle demandan, porque o de Educación non pode vir despois de falar co Director dicindo que agora lle teño que trasladar ó de obras o amaño das sete persianas, e así con todas as Comisións.

A Democracia non só é unha festa da cidadanía, senón que ademáis implica participación e a participación ten un custo político, ninguen di que hai que reducir o número de Deputados no Congreso, nin o número de Deputados no Parlamento Galego, nen o número de Deputación na Deputación Provincial, eso ven fixado na Constitución e a ninguen se lle ocorre aforrar con eso, non se pode aforrar recortando a participación, coa nosa proposta participación 46 Concelleiros e benvida sexa a participación, e o

galla participaran 50 ou 60, porque é participación Democrática e ben lexitimada por un respaldo popular porque cada un dos que estamos aquí sentados ten o seu número de votos, e esta proposta implica unha maior participación, e o Alcalde Preside todas as Comisións para ter información. Porque cando lle entra un veciño pola porta e me di como vai a miña conexión da auga, eu o podo responder porque estiven na Comisión sin ter que levantar un teléfono e chamar o Concelleiro para interesarme polo tema, entón efectivamente o Alcalde Preside todas para ter información porque logo a ten que dar e en consecuencia é unha razón nin máis nin menos que de optimización do tempo e de racionalizar os recursos informativos, en consecuencia é unha proposta que implica a todos os grupos nunha maior participación, participan todos os grupos en todas as Comisións, e certo que ademáis facilita a organización do Goberno somos seis Concelleiros, pois cada Concelleiro ten a súa área, e ademáis efectivamente as áreas están estruturadas de maneira, que de forma coherente o Concelleiro vai a súa Comisión e toca todos os temas, eu non podo ter os Concelleiros bailando e o de educación que ten efectivamente a delegación de emprego e obras, ou loxicamente o de Cultura de que leva persoal, Policía Local e Protección Civil telo bailando en Comisións, as Comisións teñen que ser coherentes coa delegación, eu se teño un Concelleiro Delegado que leva Cultura, Persoal, Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico, vai a súa Comisión e punto, coa vosa proposta tería que ir a tres Comisións, e eso é imposible porque resta participación, porque son 6 e entre todos 13 e non podemos ir a todas Comisións os de sempre, entón se eu teño unha Delegación de Cultura, Persoal, Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico, como o vou a ter a Comisión de Comercio, Industria, Servizos Sociais, Policía Local porque o leva el e logo ter que ir a Comisión de Cultura porque o leva el, e logo ter que ir a Comisión de Emprego e Persoal. Como vamos a ter un Concelleiro en tres Comisións Informativas, ti mesmo recoñeciste que a Delegación a fai a Alcaldía, pois



según a túa proposta o meu Concelleiro de Cultura ten que estar en tres Comisións, e eu teño seis Concelleiros non tres, e hai que propiciar a participación de todos, hai que propiciar o reparto de funcións, e os grupos políticos 4,1 ou 2 teñen dereito a organizar a súa presenza nas Comisións como mellor o teñan por conveniente, e en cantas máis Comisións maior participación, coa túa proposta o meu Concelleiro de Cultura ten que ir a tres Comisións, é imposible, e cada Comisión cunha Secretaria distinta, e resulta que os temas dunha Concelleira repartidos en tres, eso non é operativo e efectivamente complica sobre maneria a labor do goberno, se o que se quere e complicar a labor do goberno entendo a proposta, pero para ser óptimos e efectivos, evidentemente a proposta válida é a do grupo de goberno, e ademáis non estou de acordo en que se recorte en Democracia non estou de acordo en que se aforre en participación, hai mil cousas nas que aforrar, por esa regra de tres chamamos o Parlamento e sobran 20 Deputados en Madrid, 20 Deputados en Santiago, e 15 Deputados na Deputación Provincial, e evidentemente eu creo que ese prantexamento non é o correcto.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Bos días, eu con respecto ás Comisións, quero facer unha pregunta o Sr. Secretario, si a Comisión de Contas se pode meter dentro doutro Comisión.

Resposta o Sr. Secretario que non, que é obrigatoria.

O Sr. Manuel Cendán, di que a emenda que presenta o BNG con respecto o que se viña facendo aquí durante bastantes anos e moi coherente, pero quero resaltar unha cousa que todas as Comisións calquera delas van coordinadas unhas as outras, porque en Urbanismo podías poñer Servizos, en Servizos Sociais podías meter Educación, van todas unhas enganchadas noutras, entonces o haber un goberno monocolor a responsabilidade sempre é da Alcaldía quen delega as funcións nos Concelleiros, a nos parecenos lóxica como se viu facendo ata agora a proposta do BNG pero tamén é lóxico que o Alcalde ten a responsabilidade de Delegar as funcións e organiza o funcionamento do Concello a seu antoxo, ten a responsabilidade que ten que dar conta os cidadáns e á Corporación, e é unha responsabilidade del e nos non lle vamos a dicir como ten que repartir o traballo e que a participación está equiparada o resultado dos votos, e nos en principio vamos a dar o sí, porque entedemos que é unha responsabilidade do que goberna e porque nos en principio estamos de acordó, e por coherencia como se viu facendo durante 30 anos neste Concello que é a proposta do BNG, pero bueno como dixen anteriormente a responsabilidade a ten o Alcalde, e é unha responsabilidade del levar a organización e funcionamento do Concello.



Toma novamente a palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG: Sr. Mesias Farias: Nos non recortamos a participación, nos recortamos as areas pero os grupos seguen participando, o único que nos facemos e en vez de distribuir en seis máis un, distribuimos en cinco máis un, que tampouco creo que sexa ningunha cousa, porque foi o que houbo a lexislatura pasada, se mal non recordo, polo tanto non estamos dicindo que se faga o que non se fixo a lexislatura pasada, ó respecto das competencias de cada area, cada uno o conta a súa maneira, porque eu pregunto ¿na milla urbana, non está Protección Civil, Tráfico? ¿Na Bandeira de Traiñas da Deputación, non está Protección Civil, Tráfico? ¿no que se fai en Redes non está Protección Civil, Tráfico?, e eso é de Deportes, polo tanto xusitificar eso con que Cultura vai ligado a Policía Local, parece que hai que manda á Policía Local para facer Cultura, encanto despois á Delegación e o reparto teño que dicir que a Delegación é unha cousa que fai o Alcalde e o reparto é unha cousa que se trae a Pleno para que aprobemos todos, eu non vou a dicir a quen ten que delegar o Alcalde e que é o que ten que delegar, pero eu podo opinar sobre o reparto de areas informativas, e eu opinio que este é o reparto e en consecuencia supora vostede que eu con este reparto non atribuíria esas delegacións, eso de que un Concelleiro ten que estar en tres Comisións e porque vostede delegou nese Concelleiro nunhas areas nas que nos non estamos de acordo, en cuestión de que si sobre ou non, sabe que para o BNG sobran as Deputacións e dicir sobrarían todos os Deputados, entón non creo que esto sexa un ataque á Democracia nin á participación simplemente si da vez pasada tivemos 5 areas, e agora temos 6 hai unha diferenza, e nos queremos que non exista esta diferenza de hai a nosa proposta a cal a creemos coherente, polo tanto é unha emenda que nos presentamos porque estamos no dereito de presentala, non creo que teña de criticable, nada máis.

O Sr. Alcalde resposta que como efectivamente recoñece o voceiro do BNG está proposta que fai non se axusta ás Delegacións e o que busca é que o goberno non sexa operativo, está claro que tendo en conta as delegacións da Alcaldía con estas Comisións non podíamos funcionar, porque teríamos que enviar os mesmos Concelleiros as mesmas Comisións mermando a participación loxicamente do resto, e eu non sei se sobran as Deputacións ou deixan de sobrar as Deputacións, pero sobrando as Deputacións a proposta de todos os grupos nacionalistas que son as que as critícan é de crear outras entidades intermedias, a proposta en Cataluña e en Galicia é a Comarcalización, que pasa a Comarcalización non vai a ter membros representados dos Concellos, entón a representación política que hoxe teñen as Deputacións a



tería a Administración intermedia que os grupos nacionalistas que crítican as Deputacións queren crear, e a proba está en Cataluña que os nacionalistas crearon as Comarcas e non suprimiron as Deputacións, a Deputación de Barcelona segue sendo a mellor Deputación de España, sigue sendo un exemplo de organización de Administración intermedia no Estado Español e xa ninguén quere que se suprima en consecuencia esta claro que a participación política pode dar lugar a que se critique o órgano no que ten lugar pero da a casualidade de que ese órgano se pide que se substitúa por outro, e en consecuencia nese órgano tamén habería representación política.

Rematado o debate sometese a votación a emenda do BNG, e o Pleno do Concello por 2 votos a favor do BNG, 6 votos en contra do PSdeG-PSOE, e 5 abstencións (1 NAL e 4 PP), acorda rechazar a emenda do BNG.

Acto seguido sometese a votación a proposta da Alcaldía e o Pleno do Concello por 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e 7 abstencións (4 PP, 2 BNG e 1 NAL), acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 8º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN ORGANISMOS.

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Designación representantes municipais en organismos

Proponse o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do Pleno :

1. Para representar ó Concello na **Mancomunidad de municipios da ría de**

Ferrol, proponse que tal, como xa viña ocorrendo desde a constitución da Mancomunidad de municipios da ría de Ferrol a representación deste Concello nos termos do artigo 21.1 .b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 61 .1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal



aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis será desempeñada pola persoa que ostenta a Alcaldía.

2. Para representar ó Concello na Asociación **Costa Noroeste**, propónse que tal, como xa viña ocorrendo desde a constitución da mesma a representación deste Concello nos termos do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 61 .1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis será desempeñada pola persoa que ostenta a Alcaldía
3. Para representar ó Concello na Asociación **Golfo Artabro**, propónse que tal, como xa viña ocorrendo desde a constitución da mesma a representación deste Concello nos termos do artigo 21.1 .b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 61 .1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis será desempeñada pola persoa que ostenta a Alcaldía.
4. Para representar ó Concello no **Consello Escolar do Colexio Público Conde de FENOSA**, propónse que sexa o Concelleiro Dn. JOSÉ SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO e suplente a Dn. JOSÉ JUAN VILAR RICO.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías, quen manifesta que nos non entendemos a xustificación esa de que o representante do Concello no Consello Escolar deba de ser o de obras, a xustificación que se da é que o que pide o Colexio son obras.

Resposta o Sr. Alcalde, que a competencia municipal en materia de Educación ó único que alcanza é á conservación dos medios materiais, non podemos poñer Mestres nin quitalos.

O Sr. Mesías Fariás, di que a representación do Concello no Consello Escolar é o de Obras porque o que pide o Colexio son obras, é como dicir que o de Cultura deberá ser o que leva Facenda porque o piden as Asociacións é diñeiro, polo tanto hai que recordar cales son as atribucións competencias dun Consello Escolar, o Consello Escolas reúnese en sesións de traballo para tomar decisións que afectan o goberno colexiado do Centro entre outras, propostas dos orzamentos de coste de xestión, aprobación de criterios complementarios de admisión de alumnos, calendario escolar, aprobación da memoria final de curso, ou outras atribucións que vou citar, que son as atribucións do Consello Escolar,



porque é o Consello Escolar onde vai ir a representación Municipal, formular propostas ó equipo Directivo sobre programación xeral do Centro, así como elaborar aprobar e avaliar o proxecto educativo sen prexuízo das competencias do Claustro en relación coa planificación e organización docente, elaborar informes a petición do departamento de educación sobre o funcionamento do centro ou sobre calquer outros aspectos relacionados coa actividade do mesmo, participación no proceso de admisión de alumnos para que se realice de acordo co establecido na norma ou normativa vixente, aprobar o regulamento de réxime interior do Centro, aprobar o proxecto de orzamento do Centro e a súa liquidación, propor as directrices para a colaboración con fins educativos e culturais con outros Centros Entidades e Organismos, analizar e valorar o funcionamento xeral do Centro. Estas son algunhas das atribucións do Consello Escolar, polo tanto nos creemos que o representante municipal deberá ser aquel que leve as áreas que mellor se adapte o perfil das encomendas do Consello Escolar, para favorecer políticas de colaboración no campo da educación e do ensino, e isto é esas políticas que nos pensamos que deberán coordinarse co Colexio, como pode ser a Biblioteca, a Casa da Xuventude; as propostas de obras, melloras e todo o resto son peticións na maioría dos casos do equipo directivo do Colexio e non do Consello Escolar, polo tanto as competencias son distintas, e recentemente houbo unha petición para a ampliación, entón eu digo que debería ir o Edil de Urbanismo porque o que se pide é ampliación do Colexio que vai a depender de Urbanismo sobre todo,.

Resposta o Sr. Alcalde: Evidentemente cando non se quere entender, loxicamente hai moi pouco que dicir, o Concelleiro que vai o Consello Escolar é o de Educación, Emprego e Obras, non é o de Obras, mandamos o Consello Escolar o Concelleiro que leva Educación, e o que leva Educación leva Obras e o expliquei antes porque o de Educación vai moitas veces o Colexio e lle piden moitas obras, entón en vez de vir e coordinarse co de Obras, xa leva Educación tamén Obras, e o que mandamos é o de Educación, pero o BNG quere mandar ó de Cultura, e dicir temos un Concelleiro específico de educación que leva obras porque así sa amaña el as obras que lle piden, e despois resulta que quere mandar ó de Cultura cando temos o de Educación. As competencias do Consello Escolar non lle incumben ó Concello, as competencias do Consello Escolar son do Consello Escolar, e o Concello ten un representante que participa nesas competencias nun órgano colexiado pero as competencias do Consello Escolas que vostede enumerou non son do Concello. O Concello en materia de Educación de acordo co artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local que é o que inspira as nosas funcións e as nosas competencias di participar na programación da ensinanza, non a través do Consello Escolar, senón a través das Comisións sectoriais como Educación, cando efectivamente nos corresponda participar delas a través da propia Administración Local ou a través efectivamente da Deputación de A Coruña ou a través do que considere oportuno o Consello de Educación e Cooperar coa Administración Educativa na creación, construción e sostenimento dos Centros Docentes, por eso o de Educación leva Obras, porque de acordo coa Lei de Bases nos corresponde crear, construír e soste-lo os Centros



Docentes, que eu saiba eso se fai con obras, con persoas que van alí e poñen portas, amañan enchufes e amañan os patios, por eso o Concelleiro de Educación leva Obras, o que o mandamos o Consello Escolar é o de Educación que ademais leva obras, non entendo como tendo un Concelleiro de Educación, hai que enviar ó Consello Escolar ó de Cultura, efectivamente é o mundo ó revés.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu creo que a representatividade se veu facendo sempre así, e que o Alcalde asista ás tres primeiras designacións como Mancomunidade, Costa Noroeste e Golfo Artabro é normal, e no cuarto punto que é o Consello Escolar, é razoable que vaia o Concelleiro de Educación e Obras, a verdade a representatividade do Concello no Consello Escolar a sabemos, sabemos que vai alí a levar broncas, porque na práctica é así, o representante do Concello o que via alí é a levar leites, isto esta mal, isto esta mal etc., e o Concello o que ten poucas competencias no tema educativo o que vai alí e a levar bofetadas por parte dos Mestres, esa é a realidade non so en Ares senón de todos os Consellos Escolares que existen. A representación municipal é o neno tonto da representatividade nos Consellos Escolares. Nos o vemos con normalidade que sexa o Concelleiro Delegado de Educación e Obras, alí falan os Mestres divagan e o final o que ten a culpa e o Concello.

Toma novamente a palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG: Sr. Mesías Farías: A mín parece-me un pouco demencial que se diga que o Concello é o neno tonto do Consello Escolar, non deberá de ser así, polo tanto hai que meter un perfil que sexa de colaboración co Concello, e non un perfil para levalas, así simplemente sin máis, se mandamos ó de Obras, pois claro que van a pedir Obras, as nosas preferencias son outras. Nos dixemos que a Concellería de Cultura, debería levar tamén Educación e Ensino, e as competencias está claro que non as marcamos nos, pero o que se fala no Consello pois é o que dixeran eu antes, e as peticións de obras son as que piden o equipo directivo, eu teño a sorte de traballar nun Centro Educativo e sei como funciona un Consello Escolar, e sei cando un Concello quere e ten interese en participar no esperitu que ten o Consello Escolar, e cando pasa de todo, certamente estiveron en Centros Educativos onde o representante do Concello non asistía os Consellos Escolares, pode haber políticas de colaboración, entre o Concello e o Centro Educativo eu creo que si e debe de habelas, quen é o encargado, pois o Concelleiro Delegado que leve Ensino e Educación, que como nos dixemos é anosa proposta de antes, claro que se vostede mete o Concelleiro de Educación na mesma area que Obras e Servizos, non vou a dicir que non sexa Obras e Servizos, vou a dicir que sexa o de Educación pero tamén o de Ensino, porque que diferenza hai entre levar o Ensino e levar Educación, para min e todo, estamos falando do mesmo Centro Educativo, aquí en Ares temos o Colexio Conde de Fenosa e máis temos a Galiña Azul, nos o que estamos a dicir é que a representación do Concello no Consello Escolar debe visualizar o interese que ten o Concello por facer unhas políticas de colaboración no campo do ensino e no campo da educación que é o Consello



Escolar, e o campo das Obras está claro que van a pedir Obras, e non pasa nada porque as pidan a outro, porque tamén se van a reunir co Concelleiro de Urbanismo cando se aborde a apliación do colexio, ou se van a reunir co Concelleiro que leve tráfico cando se fale do tráfico que hai á hora de deixar os nenos no colexio e os problemas que hai de colapso, polo tanto non saquemos as cousas de tiesto.

Resposta o Sr. Alcalde que por eso enviamos a Concelleiro de Educación, que ademáis e o de Obras, porque a optimización do traballo puxo de manifestó que é moi coherente esa distribución do traballo porque nos facilita e nos aforra moito tempo.

O Sr. Manuel Cendan Fernández, manifesta que porque non a Concelleria de Servicios Socias, da que dependen o Psicologo e Educador Familiar, o que dicía eu antes é que calquera Concelleria esta enganchada noutra aínda sendo un goberno monicolor, e eso é así e a responsabilidade de distribuir o traballo e dar as delegación é do Alcalde, que por coherencia a proposta que trae o BNG, pois se viu facendo aquí casi durante 30 anos, pero a responsabilidade é do Alcalde que é quen as distribue, dicía o voceiro do BNG que en algúns Concellos non asistía o representante municipal, pois analiza porque non vai, polo que dicía eu, porque non quere ser o neno tonto da reunión, entón se cansa de levar leites, e di para que vou a ir, non se lle busque outra situación porque é así, ahí o que manexa eso é a Dirección do Colexio sempre. En algúns Concellos se cansan e non van, porque o único a que van é a levar bofetadas. O que diga o representante municipal o van a comer os profesores, eso é así.

Resposta o Sr. Mesias Farias: Eu non dixen que Educación non o podía levar Servicios Sociais, e máis parece tamén que tiña certa lóxica o que non me parece tan loxico e que Educación este con Obras e Servicios, e me quedou por dicir antes que dixen antes que estiven en Centros onde o representante do Colexio non ía ó Consello Escolar, pero me quedou por dicir, que estou nun Centro Educativo onde o representante do Concello si que asiste e non levar bofetadas, senón que vai a aportar, claro que todo depende do perfil, se o que vai é o de Obras lle van a esixir as Obras, pero si o que vai é o de Educación e Ensino, o que vai a facer é políticas de colaboración e non vai a levar bofetadas, eso o digo eu que teño a sorte de traballar nese mundo, moitas grazas.

Interven o Sr. Alcalde, pois nos temos a sorte de levar catro anos participando nos Consellos Escolares, participando loxicamente en todas as reunións, mellorando os servicios docentes que nos corresponden, de acordo coa Lei de Bases, que é a conservación e mantemento dos Centros Docentes, e por suposto estamos encantados nese sentido vai o de educación porque é o de Educación e ademáis leva Obras porque hai que facerlles moitas obras, e



loxicamente simplificamos, e efectivamente non leva Servizos, Educación non leva Servizos; Educación leva Emprego e Obras, e leva emprego porque temos unha boa practica no Concello que son os Talleres de Emprego, que son de formación e en consecuencia efectivamente teñen módulos Educativos, boa parte dos Talleres de Emprego é docencia presencial en aula, por eso leva educación, en consecuencia eu comprendo que se quera torpedear o organigrama e a organización municipal facendoa inoperativa, e propoñendo efectivamente tanto Comisións como competencias como representacións que van ó fio doutro organigrama e outras competencias pero que efectivamente non se poden impoñer e menos tendo soamente dos Concelleiros. Todas as propostas son válidas, as túas son válidas para teu organigrama, pero co organigrama do grupo de goberno ven a entorpecelo. Estas propostas van en harmonía coas Delegacións que se fixeron, e facilitan o traballo destas Delegacións.

Interven o Sr. Luis Cendán: Alcalde eu creo que estamos na designación dos representantes municipais en Organismos, non na composición das Comisións, aquí hai unha proposta da Alcaldía onde hai que designar os representantes e punto, pode coincidir ou non pode coincidir, neste caso hai que centrar o debate na proposta que hai ou nunha alternativa.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía o Concello Pleno por 6 votos a favor do PSdeG-PSOE, e 7 abstencións (4 PP, 2 BNG e 1 NAL), acorda prestarlle a súa aprobación a proposta da Alcaldía.

PUNTO 9º.- PROPOSTA COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN.

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

PROPOSTA DA ALCALDIA

COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN

En virtude do establecido no artigo 295 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a Disposición Adicional Segunda "Normas específicas de contratación ñas Entidades Locais" e dos artigos 21 e 22 do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e 327 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, crease a MESA DE



CONTRATACIÓN como órgano de asistencia ao Pleno do Concello coas seguintes funcións e composición :

- Asistir ó órgano de contratación para a adxudicación de contratos nos procedementos abertos, restrinxidos ou procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 161.1 da Lei 30/2007.

COMPOSICIÓN

PRESIDENTE : Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.

VOGAIS : Dn^a. Olimpia Marcos García en representación do P.SdeG-P.S.O.E.

Dn. José Manuel Cendán Fernández, en representación do P.P.

Dn. Emilio Mesias Farías, en representación do B.N.G.

Dn. Luis Cendán Fernández, en representación de Nueva Alianza.

Dn. Benito José Calvo Castro. Técnico Municipal.

Dn. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario da Corporación con funcións de asesoramenlo xurídico.

SECRETARIO :

Dn. José Ángel Carballo Feijoo, funcionario administrativo do Concello.

Sometida a votación o asunto o Pleno da Corporación por unanimidadeacorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 10º.- TOMA COÑECEMENTO DESIGNACIÓN AREAS CON ADICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAL.

Dada conta da Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2011, do seguinte teor literal:

Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO ALCALDE-PRESIDENTE, deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto



2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar a **DNA. MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ**, Concelleira-Delegada de **MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS**, abrangendo a facultade de dirixi-los servizos de muller, infancia, xuventude, sanidade e servizos sociais asemade como a xestionarlos en xeral.

SEGUNDO.- Designar a Dn **JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO**, Concelleiro-Delegado de **CULTURA, PERSOAL, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRAFICO**, abrangendo a facultade de dirixi-los servizos de cultura, persoal, policía local, protección civil, seguridade e tráfico, coa facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros referidos á concesión de permisos licenzas e vacacións do persoal do Concello.

TERCEIRO.- Designar a Dn **JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO** Concelleiro Delegado de **EDUCACIÓN, EMPREGO E OBRAS**, coa facultade de dirixi-los servizos de educación, emprego e obras.

CUARTO.- Designar a Dna. **OLIMPIA MARCOS GARCÍA**, Concelleira-Delegada de **URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE**, abrangendo a facultade de dirixi-los servizos de urbanismo, equipamentos, infraestructuras e medio ambiente.

QUINTO.- Designar a Dn. **JOSE JUAN VILAR RICO**, Concelleiro-Delegado de **DEPORTES E SERVIZOS MUNICIPAIS**, abrangendo a facultade de dirixi-los servizos de deportes e servizos.

SEXTO.- Esta Alcaldía reserváse para a súa xestión pola mesma os servizos de **FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA**.

SETIMO.- Da presente Resolución daráse coñecemento ó Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, notificándose ademais persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais."



Toma a palabra o Sr. Alcalde: Estando dotadas tres adicacións, 2 en réxime de adicación exclusiva e unha a tempo parcial, e a Alcaldía designou para cubrir esas adicacións a dous Concelleiros a D^a María Victoria Montenegro Paz para cubrir unha adicación exclusiva e D. José Salvador Ferreiro Montenegro para cubrir unha adicación parcial, queda sin asignar unha adicación exclusiva, porque efectivamente estamos a valorar unha adicación exclusiva para a Alcaldía, en canto non tiñamos todos os datos para arbitrala a deixamos sen designar.

En consecuencia das dúas exclusivas e da parcial, cubrese unha exclusiva e unha parcial e deixase pendente a outra exclusiva, para valorar de adicala á Alcaldía de xeito que me permita liberarme da Universidade en consecuencia dedicarme con plena adicación as labores da Alcaldía si o Pleno o considera oportuno, porque loxicamente a adicación exclusiva a Alcaldía terá que vir ó Pleno.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Neste punto non vamos a entrar aquí a debater porque os orzamentos están prorrogados, non vai a haber que determinar unha partida para estes cometidos, chegado o momento cando se teña que debater a proposta da Alcaldía a respecto da terceira adicación, nos xa apuntaremos, de todas maneiras vamos a ser coherentes co que dicimos sempre, que é que para nos a Alcaldía debería ter adicación exclusiva, pero xa a deberá ter hai 4 anos, polo tanto se non hai variación en canto os números o respecto desas dúas que se fan agora, entón non temos nada que dicir e falaremos cando chegue o caso desa terceira.

Resposta o Sr. Alcalde que son as que se aprobaron hai catro, coa redución do 5% do Decreto de Zapatero. En canto a adicación exclusiva da Alcaldía eu teño un soldo da Universidade, en consecuencia teño uns ingresos, a adicación exclusiva que tiña o Concello de Ares loxicamente non cubría os meus ingresos entón a única alternativa que tiña era aumentala ou renunciar a ela, e como considerei que non era oportuno aumenta-la pois renuncie a ela, a Lei de Bases, a Mancomunidade ou a FEGAMP non teñen resolto este tema os Alcaldes teñen un problema gordo para obter unha remuneración pola súa adicación, se eu veño aquí e me polo o soldo que tiña Manuel de Alcalde, eu perdo diñeiro, ninguén pode ir a unha Alcaldía a perder diñeiro, a enriquecerse ninguén pode ir á política, pero a empobrecerse tampouco, e esa é a razón pola que non hai adicación exclusiva, agora porque a pode haber porque complemento coa Deputación Provincial, entón entre o soldo que tiña Manuel máis



o da Deputación Provincial non perdo diñeiro, gano o mesmo que na Universidade, me plantexo o da adicación exclusiva porque tamén son Deputado Provincial, e en consecuencia entre as dúas remuneración teño o meu soldo da Universidade, sen no fora Deputado non o podía prantexar, porque non podo chegar a miña casa dicíndolle a miña muller que vou a gañar menos, porque efectivamente todos temos familias as que manter.

Resposta o voceiro de BNG Sr. Mesías Farías: Pensando desde ese punto de vista, un Rexistrador da Propiedade non podería ser Alcalde dun Concello pequeno.

O Sr. Alcalde di: Que renuncie como renunciei eu no seu momento, me adiquei a Universidade e a Alcaldía.

O Concello Pleno dase por enterado.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,